

Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos.

A vitoria de Filipe V (1700-1746) na Guerra de Sucesión significou a entronización dos Borbóns na monarquía española. Os reis da nova dinastía procuraron durante o século XVIII construír un novo **modelo de Estado, uniformizador e centralizador**, e impulsar o **absolutismo real**. Pero, malia as súas pretensións, o poder dos monarcas non era ilimitado: o mosaico de xurisdicións existentes e os privilexios das diferentes corporacións, territorios e grupos sociais restrinxían o alcance da autoridade rexia.

As primeiras reformas borbónicas.

As circunstancias nas que se desenvolveu o conflito sucesorio favoreceron a aplicación dunha serie de **reformas** que, inspiradas no modelo da Francia de Luís XIV, habían ter unha notable transcendencia:

- No goberno da monarquía cobraron importancia os **secretarios de Despacho**, burócratas encargados de certos ámbitos da administración (Guerra, Facenda, Estado, Xustiza, etc.) e responsables só ante o monarca. Pretendíase acadar un funcionamento máis áxil da administración e concentrar a acción do goberno en mans do rei en moito maior medida que no pasado.
- Os **Consellos**, que foran as institucións básicas da gobernación do imperio dos Habsburgo, viron reducido o seu papel e algúns deles, os de Italia, Flandres e Aragón, foron suprimidos por innecesarios. Só o Consello de Castela mantivo a súa influencia e mesmo veu ampliado o seu ámbito de actuación ao conxunto dos territorios da monarquía.
- Introduciuse en 1711 a figura do **intendente** como representante do poder real nas provincias. As súas competencias eran moi amplas: recadación de impostos, recrutamento e equipamento do exército, sanidade, fomento (urbanismo, obras públicas), etc.
- Os **cambios introducidos no exército real** entre 1701 e 1704 por Filipe V estaban destinados a perdurar: o incremento de efectivos do exército permanente por medio de levas e diversas formas de recrutamento; a substitución, segundo o modelo francés, dos antigos terzos polos rexementos, máis reducidos e operativos; a introdución dunha nova nomenclatura na oficialidade (coronel, tenente coronel, brigadier...); a atribución en exclusiva ao monarca dos nomeamentos militares; a xeralización do uniforme; a maior atención prestada ao equipamento, á paga e a alimentación da tropa, que non sempre sobrepasou o terreo das boas intencións...
- A **pretensión de ampliar as prerrogativas reais sobre a Igrexa**, expresada polos ministros regalistas de Filipe V, caso de Melchor de Macanaz, provocou conflitos graves co papa Clemente XI, inclinado cara o pretendente austríaco, e coa xerarquía eclesiástica. Baixo a nova dinastía, a pugna entre os poderes real e eclesiástico recuou malia os sucesivos acordos coa Santa Sede (1717, 1737, 1753).

A familia de Filipe V (1743),
obra de Louis-Michel van Loo




[Dominio público], Wikimedia Commons

A Nova Planta.

Neste contexto, o triunfo borbónico significou tamén unha **radical transformación de modelo político dos reinos da Coroa de Aragón**. O seu tradicional pactismo deixou paso a un forte absolutismo real. O instrumento para conseguilo foron os **Decretos de Nova Planta**, unha serie de disposicións promulgadas entre 1707 (Aragón e Valencia) e 1715-1716 (Cataluña e Mallorca) que significou o desmantelamento dos foros que permitían a estes reinos limitar o exercicio do poder real. As medidas xustificáronse en base ao dereito de conquista e ao castigo pola súa rebelión (o apoio á causa austracista) e insírense nun proceso xeral de concentración do poder en mans do monarca. Os cambios introducidos pola Nova Planta foron moi importantes:


- **Suprimíronse case tódalas institucións propias dos reinos:** Cortes, Deputacións, administracións fiscais, autoridades e órganos municipais, etc. As principais cidades da Coroa de Aragón puideron designar representantes ás Cortes de Castela, unha institución sen máis papel efectivo que a xura do herdeiro ao trono. O sistema castelán de corrixidores e rexedores perpetuos, nomeados directa ou indirectamente polo rei, estendeuse aos municipios da Coroa de Aragón.
- **Elimináronse as reservas de naturalidade**, que obrigaban ao monarca a designar a naturais de cada reino para a súa administración interna.
- **Introduciuse o dereito penal castelán** en substitución dos forais. Non obstante, preservouse, sobre todo en Cataluña, o dereito civil tradicional. Mantívose tamén a lexislación foral naqueles aspectos en que era máis beneficiosa para o poder real que a castelá, caso da referente aos privilexios eclesiásticos.
- **Reformáronse as Audiencias**, ocupadas por maxistrados e funcionarios designados polo monarca e de orixe maioritariamente castelá. O castelán converteuse en lingua de uso obrigado ante elas. O seu rango situábaas, ademais,

Portada do Decreto de Nova Planta para Cataluña (1716).



[Dominio público], dende [Wikimedia Commons](#).

José Patiño, responsable da Xunta Superior de Goberno de Xustiza de Cataluña (1714-16), responsable da Nova Planta no Principado



[Dominio público], dende [Wikimedia Commons](#)

como instancias inferiores ás Chancillerías e ao Consello de Castela.

- Os antigos reinos convertéronse en provincias: o Consello de Aragón foi abolido en 1707 e estendéronse sobre os seus catro reinos as competencias dos consellos encargados da gobernación de Castela; os vicerreis foron substituídos por **capitáns xenerais**, dotados de amplas competencias militares (mando das tropas despregadas na provincia, mantemento da orde) e civís (presidencia das Audiencias, supervisión do nomeamento e actuación dos xuíces e oficiais públicos); a figura do **intendente**, común a toda a monarquía, adquiriría especial desenvolvemento nestas provincias.
- Estableceuse un **novo sistema impositivo** baixo a escusa de harmonizar as cargas fiscais soportadas polos reinos aragoneses coas de Castela. **Elimináronse as alfándegas** entre os diferentes reinos da monarquía. Aos tributos tradicionais da Facenda neles engadiuse un **novo imposto** (o equivalente en Valencia, a *contribución única* en Aragón, a *talla* en Mallorca e *catastro* en Cataluña) que, polo menos inicialmente, resultou moi gravoso. En Cataluña, a nova tributación fixouse, en principio, sobre a base dun rexistro de patrimonios e rendas sen excepcións, o *catastro* impulsado polo intendente **José Patiño**. Pode que estas novidades desen orixe a un sistema fiscal máis eficaz e equitativo, pero non existe unanimidade ao respecto entre os historiadores.

Cando, durante o reinado de Fernando VI (1746-59) e a instancias do seu ministro Zenón de Somodevilla, o marqués da Ensenada, se pretendeu trasladar este modelo fiscal á Coroa de Castela, púxose en marcha un amplo e detallado reconto dos habitantes, riquezas e rendas das súas poboacións. O chamado **catastro de Ensenada**, elaborado entre 1749 e 1756, deixou unha magna e imprescindible información sobre as terras da Coroa de Castela, pero a *real e única contribución*, enfrontada a múltiples dificultades e á oposición dos privilexiados, ficaría en mero proxecto.

Estado do repartido a Cataluña por catastro e outras rendas (1717)

FONTE: Biblioteca Nacional, cit. en Ferrer, L.I., "¿Modernización fiscal? La implantación del Catastro en Cataluña", *Catastro*, MEH, 2002.

Retrato do marqués da Ensenada (c. 1750), por Jacopo Amigoni.



[Dominio público], dende Wikimedia Commons

Malia todo, a **homoxeneización institucional da monarquía foi incompleta**. A fidelidade demostrada polas elites navarras e vascas cara Filipe V foi recompensada. As súas particularidades xurídicas e as súas institucións forais (as Cortes do reino de Navarra, as Xuntas Xerais e Deputacións en cada unha das Provincias Vascongadas) foron respectadas. Mantivéronse tamén, a diferenza do acontecido en Aragón, as alfándegas entre os territorios forais e o resto da Coroa de Castela. Subsistía, polo tanto, unha distinción entre os territorios de réxime común e os de réxime foral que, tras diversas vicisitudes históricas, sobreviviu ata a actualidade.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2º Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- DEDIEU, J.-P.: "[La Nueva Planta en su contexto. Las reformas del aparato del Estado en el reinado de Felipe V](#)", *Manuscripts*, 18, 2000, pp. 113-139.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- RUÍZ TORRES, P.: *Reformismo e Ilustración*, en FONTANA, J.; VILLARES, R. (dir.), *Historia de España*, vol. 5, Barcelona, Ed. Crítica-Marcial Pons, 2014.
- VV.AA.: *Historia de España*, Madrid, Ed. Santillana, 2004.